



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Resolución do 3 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se publica a listaxe definitiva de profesorado colaborador para impartir cursos de galego en 2012.

No *Diario Oficial de Galicia* do 17 de xaneiro de 2007 publicouse a Resolución do 29 de decembro de 2006 pola que se convocan listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, se establecen os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, así como os criterios de baremación que se terán en conta para a elaboración das listas e o réxime de chamamento para impartir os cursos.

No *Diario Oficial de Galicia* do 18 de xaneiro de 2011 publicouse a Resolución do 7 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se modificaba a antedita resolución.

Baremada e valorada a documentación achegada polas persoas solicitantes e logo de analizar as alegacións presentadas,

RESOLVO aprobar e publicar:

1 Por orde de puntuación, a listaxe xeral de persoas admitidas para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, consonte a Resolución do 29 de decembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de xaneiro de 2007).

2 A listaxe de persoas excluídas.

3 A relación de persoas que dentro da listaxe xeral cumpren os requisitos establecidos para poder impartir os cursos preparatorios das probas celga, consonte a Resolución do 7 de xaneiro de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xaneiro de 2011). Non obstante, no momento en que alguén sexa chamado para impartir un curso preparatorio das probas celga, deberá entregar no gabinete que faga o nomeamento o informe actualizado de situación laboral e situación administrativa expedido pola oficina de emprego en que figure a situación laboral actual como desempleado/a.

Contra esta resolución poderase presentar recurso na forma e nos prazos establecidos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2012

O secretario xeral de Política Lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez